

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Vareala**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional acordou iniciar o expediente para a contratación do servizo de realización de rutas de transporte escolar a 424 centros de ensino público da Comunidade Autónoma de Galicia por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación anticipada de gasto e ordinaria, mediante 57 lotes, para o curso escolar 2021/2022 e 2022/2023.

Entre os lotes previstos figura o contrato ED2702 que comprende as seguintes rutas:

- ED270201 - Hórreos - CPI Poeta Uxío Novoneyra
- ED270202 - Pacios de San Pedro - CEIP Ricardo Gasset
- ED270203 - Poboado de Iberdrola - CEIP de San Clodio
- ED270204 - Vales - CEIP da Pobra de Brollón
- ED270205 - Nogueiras (Cereixa) - CEIP da Pobra de brollón
- ED270206 - Rubián - IES Francisco Daviña Rey
- ED270207 - Estación cruce - CEIP Pobra (enlaces)
- ED270208 - Lamaiglesia - CEIP Pobra (enlaces)
- ED270209 - Zouro - Ver
- ED270210 - Froxán - CPI Poeta Uxío Novoneyra
- ED270211 - Romeor II - CPI Poeta Uxío Novoneyra
- ED270212 - Vidallón - CPI Poeta Uxío Novoneyra
- ED270213 - Zouro - CEIP Rosalía de Castro
- ED270214 - Barxa - CEIP Rosalía de castro
- ED270215 - A Aspera (darsena) - CEIP Rosalía de Castro

é dicir, inclúense neste lote os transportes escolares dos concellos de A Pobra de Brollón, Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, O Inicio e Ribas de Sil. E o custo anual da prestación deste servizo é de 393.269,45 € (IVE incluído).



Das quince rutas das que se compón este lote catro corresponden ao transporte escolar do CPI Poeta Uxío Novoneyra, único centro educativo do concello de Folgoso do Courel e que escolariza ao alumnado de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria deste concello.

Estas catro rutas presentan as seguintes características:

1.A ruta ED270201 ten unha lonxitude de 19,11 km, unha duración de 30 minutos, ten unha previsión de tres usuarios e require un vehículo de 9 ou menos prazas.

2.A ruta ED270210 ten unha lonxitude de 25,66 km, unha duración de 36 minutos, ten unha previsión de oito usuarios e require un vehículo de entre 10 e 25 prazas.

3.A ruta ED270211 ten unha lonxitude de 33,32km, unha duración de 54 minutos, ten unha previsión de dez usuarios e require un vehículo de entre 10 e 25 prazas.

4.A ruta ED270212 ten unha lonxitude de 23,79 km, unha duración de 31 minutos, ten unha previsión de sete usuarios e require un vehículo de entre 10 e 25 prazas.

Estas rutas semellan estar deseñadas co único criterio de reducir o número de rutas sen considerar máis factores, como por exemplo a complexidade das mesmas rutas por tratarse de estradas de montaña co que iso supón en canto ao trazado, anchura e pendentes , percorrer distancias sen necesidade e, o que resulta máis grave, o empeoramento do servizo con respecto ás actuais condicións.

Por exemplo, a ruta dende Romeor ata o CPI Uxío Novoneyra prevé algo tan irracional como que o alumnado de Romeor que está a escasos 12 km do centro, cunha duración de 20 minutos teña que facer como a propia documentación da consellería prevé máis de 33 km durante 54 minutos, o que supón na práctica triplicar o tempo do transporte, posto que deben viaxar ata Pedrafita do Courel e volver a Seoane do Courel e dende aí ao centro escolar.

O anterior exemplo pon de manifesto que en ningún momento de tivo en conta no deseño das rutas a singularidade do terreo nin ao alumnado.



Ao anterior debe engadirse que as propias esixencias do lote supoñen que se deba dispoñer de 10 vehículos máis 1 de reserva de entre 10 e 25 prazas e 4 vehículos de 9 ou menos prazas, situación que se deriva da innecesaria e perniciosa agrupación das actuais rutas de transporte escolar do centro que veñen sendo atendidas con plena satisfacción por parte da comunidade escolar por taxistas autónomos do concello de Folgoso do Courel; seis autónomos que posiblemente verán imposibilitada a continuidade do seu traballo ao perder os ingresos derivados do transporte escolar xa que non poden acceder á adxudicación nos termos previstos nos pregos do contrato.

Pero tampouco é necesario un coñecemento detallado do medio para saber que estes autónomos prestan ademais un servizo a poboación envellecida, asentada de forma dispersa e carente en moitas ocasións de medios propios de transporte pero si con necesidades de desprazamento.

A perda destes postos de traballo, da forma de vida para seis familias, suporá tamén un golpe máis para esta zona da provincia de Lugo e a actuación da Xunta de Galicia amosa unha falla de compromiso imposible de compaxinar coa pretendida aposta polo medio rural.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se revise o procedemento incluído no contrato ED2702, adaptándoo ás singularidades da zona, de modo que se considere o concello de Folgoso do Courel como unha única zona, con vehículos de ata 9 prazas e 6 rutas, como está actualmente coa finalidade de manter a calidade do servizo de transporte escolar.”

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2021

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Patricia Otero Rodríguez

Noa Día Varela

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/01/2021 10:15:04

Patricia Otero Rodríguez na data 04/01/2021 10:15:17

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2021 10:15:31

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/01/2021 10:16:03

